

Usuario: _____

Data: _____

A Idade Moderna

Marca os feitos que sucederon no ano 1492.

Os Reis Católicos concluíron a conquista das illas Canarias. ☐

A Coroa de Castela anexionou o reino de Navarra. ☐

Os Reis Católicos conquistaron o reino de Granada. ☐

Carlos I accedeu ao trono de España. ☐

Publicouse "Don Quijote de la Mancha". ☐

Produciuse o descubrimento de América. ☐

Contesta.

Que navegante descubriu o continente americano?

Quen financiou a súa expedición?

En que ano se descubriu o continente americano?

A onde cría Colón que chegara?

Quen demostrou que aquelas terras non eran parte de Asia?

Quen foi o conquistador de México?

Quen foi o conquistador de Perú?

Completa (Non uses maiúsculas).

Os principais pobos precolombinos eran os que vivían no territorio actual de Perú, Ecuador e parte de Bolivia; os que poboaban todo o val de México; e os que ocupaban o sur do actual México, Guatemala e Honduras.

Ordena cronoloxicamente os reis da dinastía dos Austrias.

Carlos I

Carlos II

Filipe II

Filipe III

Filipe IV

----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

Une cada feito co reinado no que sucedeu.

Batalla
de Lepanto


Revolta
das Comunidades

Derrota da
Armada Invencible

Enfrontamento
cos luteranos

Carlos I		
Filipe II		

Fíxate no ano en que ocorreu e despois coloca cada feito na liña do tempo.



Sinala a opción correcta.

A Armada Invencible era:

- a frota española que foi derrotada polos franceses en 1588.
- a frota inglesa que foi derrotada polos españois en 1588.
- a frota española que foi derrotada polos ingleses en 1588.
- un equipo de fútbol que gañou a *champions* en 1588.

Os validos eran:

- axudantes do rei nas tarefas de goberno.
- conselleiros estranxeiros.
- os que valían.
- conselleiros do rei que contaban coa súa confianza e gobernaban no seu nome.

En 1571, Filipe II derrotou na batalla de Lepanto:

- aos americanos.
- aos turcos.
- aos incas.
- aos ingleses.

A guerra de Sucesión produciuse:

- porque ocorrían moitos sucesos sospeitosos.
- porque Carlos II morreu sen descendencia
- porque os luteranos estaban en contra do rei.
- porque os franceses querían conquistar España.

A guerra de Sucesión rematou coa firma do:

- Tratado de Roma.
- Tratado de Utrech.
- Tratado de Maastricht.
- non rematou

Como consecuencia da Guerra de Sucesión, no século XVIII instaurouse en España a dinastía:

- dos Austrias.
- de Leo Messi.
- dos Reis Católicos.
- dos Borbóns.

O primeiro rei da dinastía dos Borbóns foi:


- Borbón I
- Carlos I.
- Filipe V.
- Xoán Carlos I.

Forma de goberno que estableceu Filipe V:

- Monarquía parlamentaria
- Estado das autonomías
- República
- Monarquía absoluta

Completa o esquema.

Artesáns Campesiños Clero Comerciantes Nobreza Non privilexiados Privilexiados



Une cada século co estilo artístico predominante nel e a súa característica principal.

Século XVI ☐ ☐ Barroco ☐ ☐ Edifícios austeros e con escasa decoración.

Século XVII ☐ ☐ Herreriano ☐ ☐ Edifícios que imitaban aos romanos.

Século XVIII ☐ ☐ Neoclásico ☐ ☐ Edifícios con abundantes liñas curvas e decoración recargada.

Indica en que modalidade artística destacaron os seguintes personaxes:

Miguel de Cervantes

Alonso Cano

Gregorio Fernández

Diego Velázquez

Francisco de Goya

Francisco de Quevedo

Bartolomé Esteban Murillo

Francisco de Zurbarán

Lope de Vega

Calderón de la Barca

Santa Teresa de Jesús

O Greco